

# novas en branco e negro



Número 23 • Decembro 2005



# *Galicia*

mellor autonomía *Conafe 05*



# BOTAFOGO

**CONVINCER X BELLWOOD X LEADMAN**

- **GRAN PROBA EN PRODUCCIÓN**
- **ESPECTACULARES ESTRUCTURAS LEITEIRAS**
- **UBRES DE EXCEPCIONAL CALIDADE CON IMPRESIONANTES INSERCIÓNS**



**SIGIFREDO BOTAFOGO BOTAKA S/C**

Cando está a punto de remata-lo ano e me dispoño a face-lo balance do que 2005 foi para a Federación en particular, e para o sector en xeral, os meus sentimentos son contradictorios.

A nivel Federación considero que 2005 foi un bo ano, no que se realizaron con éxito numerosas actividades de formación e promoción que veñen a recoñecer dalgunha maneira o traballo dos nosos gandeiros (concursos, subastas, escolas, etc,...) culminando todo elo coa obtención do título de Mellor Autonomía conquistado no Concurso Nacional Conafe '05 celebrado en Xixón.

A nivel gandeiro polo contrario, non atopo demasiados elementos que me permitan ser optimista, xa que ó longo de todo o exercicio, os prezos do leite mantivéronse nuns niveles realmente preocupantes, e a pesares diso, os gandeiros tivemos que afrontar uns "extras" tan importantes como foron os altos prezos dos forraxes (como consecuencia da sequía), o incremento no precio do gas-oil, a supertaxa ou a adquisición de cuota, co cal, as economías das nosas explotacións sufriron un ano máis un duro golpe.

Como parece que nestas datas todos debemos ser optimistas e formular bos desexos, o meu desexo para 2006 é que se clarifique a Política Agraria Común, que os prezos do leite se acheguen ós costes reais de produción, e en definitiva, que os gandeiros poidamos vivir dignamente da nosa profesión.

**Bo Nadal a todos**

Luis Seoane Labandeira  
Presidente de Fefriga



## sumario

Resultados do: "XXVII Concurso Nacional de la Raza Frisona Conafe '05"	4
X Concurso Frisón Becerra Selecta 2005 A Estrada	10
XIV Concurso Frisón Chantada '05	11
VIII Escuela Europea de Jóvenes Ganaderos	12
Iª Escola de Xóvenes Manexadores	13
XIX Escola de Xuíces Gandeiros Fefriga '05	15
Novo Regulamento do Libro Xenealóxico da Raza Frisona	17
Novas	18
Proxecto de investigación sobre reprodución bovina. Entrevista co Sr. Conselleiro. Lotes de embrións. OS Sres. Oca e Chivite en Bos. Axenda 2006.	

Editado por:

**FEDERACIÓN FRISONA GALEGA**  
R/ Melide, 25-27 - baixo  
15705 Santiago de Compostela  
A Coruña • España


Tel./Fax: +34 981 573 879  
+34 981 573 775

e-mail: [fefriga@fefriga.com](mailto:fefriga@fefriga.com)  
Web: [www.fefriga.com](http://www.fefriga.com)

Director: Francesc X. Grau  
D.L.G.: PO-187-99

**Xunta Directiva**

Presidente: Luis Seoane Labandeira  
Vicepresidente: José Manuel López Tellado  
Secretario: Rafael Méndez Guerra  
Tesoureiro: Juan Álvarez Losada  
Interventor: Álvaro José Castro Fernández  
Vocais: Francisco Manuel Penabaz Pita  
Antonio Pérez Castro  
José Manuel Mandriñán Castro



# XXVII

# Concurso Nacional de la Raza Frisona

# Conafe 05



Durante os días 1 e 2 do pasado mes de Outubro, o recinto da Feira de Mostras de Xixón, volvía a acoller o Concurso Nacional da Raza Frisona. Nesta XXVII edición, participaron 193 extraordinarios animais, propiedade de 85 ganderías de 8 autonomías.

Como xa é habitual, a nosa Comunidade estivo presente en tan prestixioso certame, con 18 magníficos exemplares que, ademais de reportar ós seus propietarios numerosos premios, conquistaron para Galicia o título de Mellor Autonomía.

A gran calidade dos animais presentados a Concurso, a profesionalidade dos gandeiros coidadores, así como a maxistral actuación do Xuíz Dan Doner (Holstein Canadá), fixeron que esta edición se inscriba por méritos propios en lugar preeminente da historia do Concurso Nacional.

Dende estas páxinas queremos felicitar a todos os gandeiros, e moi especialmente ós de Galicia que, co seu esforzo e profesionalidade contribuíron a que o Concurso Nacional chegara ó nivel que podemos apreciar, -e desfrutar- en Xixón.

# Premios acadados por animais de Galicia

## Sección: 1 – Terneras de 8 a 10 meses

4º premio:

**Gaigo Florita Blitz**  
S.A.T. Gaigo Xuga 1074 (Meira - Lugo)



## Sección: 5 – Novillas de 20 a 22 meses

1º premio:

**Anibal Champion Aleluya IV**  
S.C. Gandería Cid (Barreiros - Lugo)



## Sección: 3 – Terneras de 14 a 16 meses

4º premio:

**Pozo Lyster 9376**  
Casa Pozo (Saa - Lugo)



## Sección: 10 - Vaca Joven Lactación hasta 30 meses

2º p. y Mejor Ubre:

**Mantoño James Claudina**  
Mantoño Holstein (Barreiros - Lugo)



## Sección: 4 – Novillas de 17 a 19 meses

1º premio:

**Bos Nodi Merchant Dana ET**  
S.C. Gandería Nodi (Barreiros - Lugo)



## Sección: 11 - Vaca Joven Lactación de 31 a 35 meses

4º p. y Mejor Ubre:

**Fraga Outside Buche**  
José Luis Fernández Gil (Lalín - Pontevedra)



Sección: 12 - Vaca Intermedia Lactación de 36 a 41 m.

5º premio: **Fontegrande Mtoto 2711 Maura**  
Mantoño Holstein (Barreiros - Lugo)



Sección: 13 - Vaca Intermedia Lactación de 42 a 47 m.

1º premio y Mejor Ubre: **Capon Carola Lee**  
Casa Capón (Chantada - Lugo)

**VACA INTERMEDIA CAMPEONA**



Sección: 14 - Vaca Intermedia Lactación de 4 años

4º premio: **Rosalía James**  
Mª Rosa Mesa Soto (Ribadeo - Lugo)



2º premio:

**Pozo Lee 4760**  
Casa Pozo (Saa - Lugo)

**VACA INTERMEDIA SUBCAMPEONA**



Sección: 16 - Vaca Adulta Lactación de 6 años ó más

2º p. y Mejor Ubre: **Agrortegal Galletera Juror**  
Granxa Caxigueira (Ortigueira - A Coruña)



3º premio:

**Agrortegal Goleta Progress**  
Granxa Caxigueira (Ortigueira - A Coruña)



Sección: 21 - Mejor Autonomía

## Mejor Autonomía: Galicia



### VI Concurso Nacional de manejadores

Subcampeón Junior

**Alberto Iglesia Vila**

SAT Rey de Miñotelo – A Pastoriza – Lugo

Subcampeón Senior

**Iván Cid Salgado**

SC Gandería Cid – Barreiros – Lugo



Alberto Iglesia Vila



Iván Cid Salgado

### Ganderías galegas participantes:

SAT GAIGO XUGA 1074	(MEIRA)
SC GANDERÍA CID	(BARREIROS)
SC GANDERÍA NODI	(BARREIROS)
MANTOÑO HOLSTEIN	(BARREIROS)
CASA XEPE	(RIBADEO)
J. L. FERNÁNDEZ GIL	(LALIN)
CASA POZO	(LUGO)
CASA CAPON	(CHANTADA)
Mª ROSA MESA SOTO	(RIBADEO)
CASA PERNAS	(XERMADE)
GRANXA CAXIGUEIRA	(ORTIGUEIRA)







# X Concurso Frisón Becerra Selecta 2005

A Estrada, Pontevedra, 4 de Setembro

Xuíz: D. Jordi Juanola (Xuíz Nacional. Conafe) • Animais participantes: 90 • Ganderías participantes: 27



Pereira Louro Princesa  
**BECERRA CAMPIONA**



Arca Cubeiro Nika  
**XOVENCA CAMPIONA**

## Becerras ata 6 meses

**1ª) Os Caseiros Mira Roqueta** (Os Caseiros - A Estrada)  
**Becerra Subcampiona**

## Becerras de 6 a 10 meses

**1ª) Pereira Louro Princesa** (Pereira - Forcarei)  
**Becerra Campiona**  
**XOVENCA GRAN CAMPIONA**

## Becerras de 10 a 14 meses

**1ª) Casimiro Loio Princesa** (Casimiro - Forcarei)

## Xovencas de 14 a 18 meses

**1ª) Eiras Louro Tita** (Eiras - A Estrada)

## Xovencas de 18 a 22 meses

**1ª) Casimiro Fontans Nova** (Casimiro - Forcarei)

## Xovencas de máis de 22 meses

**1ª) Arca Cubeiro Nika** (Arca - Forcarei)  
**XOVENCA CAMPIONA**

**2ª) Os Caseiros Louro Lora** (Os Caseiros - A Estrada)  
**XOVENCA SUBCAMPIONA**

## Mellor Criador Becerra Selecta

**1º) OS CASEIROS, C.B. – A Estrada**  
**2º) ANA Mª IGLESIAS EIRAS – A Estrada**

# XIV Concurso Frisón Chantada '05

Chantada, Lugo, 29 e 30 de Outubro

Xuíz: D. Paulino Badiola Fernández (Xuíz Nacional. Conafe) • Animais participantes: 115 • Gand. participantes: 44

## Xatas ata 8 meses

**1ª) Outeiro Gibson Capri** (Outeiro – Chantada)

## Xatas de 8 a 10 meses

**1ª) Cid Roy Muesle** (Cid - Barreiros)

## Xatas de 11 a 13 meses

**1ª) Gaigo Florita Blitz** (Gaigo - Meira)

Xata Campiona

**2ª) Cid Aaron Monke** (Cid - Barreiros)

Xata Subcampiona

## Xatas de 14 a 16 meses

**1ª) B. Aerocerf Xusta** (Antonio López - Chantada)

## Xovencas de 17 a 19 meses

**1ª) 8543** (José Luis – Chantada)

## Xovencas de 20 a 22 meses

**1ª) Nodi Lheros Blesse III** (Nodi - Barreiros)

## Xovencas de 23 a 26 meses

**1ª) Anibal Champion Aleluya IV** (Cid – Barreiros)

Xovenca Campiona

Gran Campiona de Xovencas

**2ª) Capon Cebola Igniter** (Capón - Chantada)

Xovenca Subcampiona

## Vacas en Lactación ata 30 meses

**1ª) Xepe Stormatic Xeila ET** (Xepe - Ribadeo)

Vaca Nova Subcampiona e Mellor Ubre

## Vacas en lactación de 31 a 35 meses

**1ª) 0097 Baixo Stormatic Gissela** (Baixo - Sarria)

Vaca Nova Campiona e Mellor Ubre

## Vacas en lactación de 3 a 4 anos

**1ª) Pozo Lee 4760** (Pozo - Lugo)

Vaca Intermedia Campiona

GRAN CAMPIONA DE VACAS

Mellor Ubre: Capon Martes Storm (Capón - Chantada)

## Vacas en lactación de 4 a 5 anos

**1ª) Capon Carola Lee** (Capon – Chantada)

Vaca Intermedia Subcampiona

Mellor Ubre: Rosalia James (Cid-Barreiros)

## Vacas en lactación de 5 a 6 anos

**1ª) Xercas Ticia Wade ET** (Pernas - Xermade)

Vaca Adulta Campiona e Mellor Ubre

## Vacas en lactación de máis de 6 anos

**1ª) Cid Leadership Marlenne** (Cid – Barreiros)

Vaca Adulta Subcampiona

Mellor Ubre: Xercas Cav. Gacela Astre (Cavadas-Xermade)

## Mellor Criador

**1º) CAPON. Chantada**

## Mellor Rabaño

**1º) POZO. Saa-Lugo**



Pozo Lee 4760

**VACA GRAN CAMPIONA**



Anibal Champion Aleluya IV

**XOVENCA GRAN CAMPIONA**

## VIII Escuela Europea de Jóvenes Ganaderos

Durante os pasados días 31 de Agosto ó 4 de Setembro, celebrouse en Battice (Bélgica) a VII Escuela Europea de Jóvenes Ganaderos na que, por primeira vez, participou un grupo español. Dito grupo estaba formado polos galegos; Bonet e Ivan Cid, David Castro e Javier Álvarez, o cántabro Adrián Entrecanales e a eles, a organización do evento agregou, -por proximidade xeográfica e lingüística,- ó portugués Antonio José Tavares.

Aínda que novedosa para o equipo español, esta escola/concurso está fortemente arraigada en Europa, tal e como o demostra o feito de que na mesma participaron 22 equipos (130 persoas) procedentes de: Alemaña, Bélxica, Dinamarca, Francia, Finlandia, Suíza, Reino Unido, Portugal, Irlanda, Luxemburgo e España.

Os nosos rapaces, como novatos nestas lides, tiveron que afrontar o reto que supoñía este concurso con moitas gañas e imaxinación, xa que ó chegar ó recinto puideron comprobar que o resto de concursantes iban equipados de abundante material, non so para a preparación dos animais, senón tamén para a construción e decoración dos seus respectivos stands. Para a nosa xente, ademais do desafío que supoñía a preparación e coidado dos animais que lles asignou a organización, uníase o problema de ter que amañarse para buscar o material necesario para construír e decorar o seu stand.

Despois de supera-los problemas iniciais todo o persoal se puxo a traballar, e coa axuda da familia que os tiña acollidos foron compra-los materiais de papelería co que empezaron a monta-los seus stands, ó que alcumaron "THE BEST IN SPAIN ... THE SPAIN IS THE BEST", e no que co pouco espazo do que dispoñían, debían de ofrecer ó resto de

participantes, xuíces e público en xeral, unha mostra do bo facer dos criadores españois así como da hospitalidade e amabilidade que caracteriza ás nosas xentes.

Á hora de puntuar os traballos realizados, os diferentes xuíces do certame valoraron os aspectos seguintes:

- preparación dos animais (asignados pola organización).
- Presentación do stand de exposición.
- Potenciación da gandería do país ó que se representa.
- Traballo en grupo ó longo de todo o certame.
- Preparación e presentación de animais.
- Concurso morfolóxico.
- Concurso de manexo.

Con gran profesionalidade, esforzo e unha boa dose de imaxinación, aqueles catro postes e 6 becerras peludas que lles entregaron inicialmente foron tomando forma, e gracias ó traballo que, como un verdadeiro equipo realizaron día tras día, o 4 de Setembro os 9 xuíces do Concurso concedéronlles o título de Mellor Equipo Europeo '05. Obtendo ademais uns excelentes resultados a título individual, sendo Adrián Entrecanales o mellor dos mozos entre 13 e 16 anos e segundo no ranking xeral; Iván Cid ocupou o cuarto posto e Javier Álvarez, Bonet Cid e David Castro clasificáronse nos postos 26, 32 e 73 respectivamente (130 concursantes en total).

A nosa noraboa e felicitación e tamén os nosos mellores desexos para eles na próxima edición na que con toda seguridade continuarán contando co apoio incondicional desta Federación.



# Iª Escola de Xóvenes Manexadores



equipo 1: Roi Capón Fernández e Estefanía Seijas Acosta



Diego Cando Santos – Mellor Manexador



equipo 2: Patricia López López e José Alberto Iglesia Vila



Yolanda Torrents López – Mellor Preparador



equipo 3: Lander Echevarrieta Ardeo e Juan Manuel Novo García



Yolanda e Roberto – Mellor Equipo



equipo 4: Yolanda Torrents López e Roberto López Campello



Mestres do Curso e premiados.



equipo 5: Diego Cando Santos e Odón Castro Díaz



Co obxectivo de estimular a participación en concursos e exposicións, e perfecciona-las técnicas de preparación e presentación dos animais en pista, a Federación Frisona Galega organizou na finca de Bos, durante os días 5 e 9 de Setembro, a I Escola de Xóvenes Manexadores.

O curso foi impartido por Marc Drapeau (preparador Canadiense), Javier Álvarez, Ivan e Bonet Cid, David Castro (os catro formaban parte do equipo que se proclamou campión de Europa de preparación '05 celebrado en Bélxica) e Pedro Saavedra (capataz da UTE/ UDE de Bos).

Para a realización das actividades programadas, os alumnos foron agrupados por equipos de 2 persoas, asignando a cada equipo 4 animais cos que realizaron, -baixo a experta dirección dos seus monitores, -as prácticas de lavado, alimentación, doma, pelado, exposición e presentación en pista. A pesar do apretado do programa e da duración das xornadas, os alumnos demostraron en todo momento gran interese, realizando un traballo digno de auténticos profesionais.

Como colofón da Escola celebráronse os Concursos de Stands, Preparación de Animais e Manexo en Pista. O premio ó Mellor Stand conseguíuno o equipo nº 4 formado por Roberto López Campello e Yolanda Torrents López seguido polo equipo nº 5 formado por Diego Cando Santos e Odón Castro Díaz.

O premio de Mellor Preparador de animais foi para Yolanda Torrents López e o de Mellor Manexador foi para Diego Cando Santos.

Xa para rematar sorteáronse entre os participantes dous lotes de dous embrións, que corresponderon a Roberto López Campello de Casa Pernas (Bos Celsius Maciñeira x Summershade Igniter ET TV) e a Roi Capón Fernández, de Casa Capón (Bos Lee Hilaria ET x Pennview Income).

Durante a clausura desta I Escola de Manexo, a Federación faulle entrega dun obsequio ós compoñentes do equipo galego que unha semana atrás foran nomeados Mellor Equipo Europeo '05.

# ESCOLA DE XÓVENES MANEXADORES





# XIX ESCOLA DE XUÍCES GANDEIROS FEFRIGA '05

**A**compañados pola choiva (que facía falta pero non para a Escola) durante os días 27, 28 e 29 de Xullo celebramo-la XIX Escola de Xuíces Gandeiros Fefriga '05 en diversas ganderías das zonas norte e centro de Lugo, non obstante, e gracias ó interese dos alumnos e a nunca suficientemente valorada contribución dos gandeiros e técnicos que aportaron e prepararon os animais, a Escola puido desenvolverse segundo o programa previsto.

Jaume Serrabasa, que actuou como Xuíz da mesma, revelouose como un auténtico mestre nestes lides, dando clara e precisa información sobre os motivos polos que colocaba ós animais nas diferentes seccións. Gabriel Blanco un ano máis, ofreceunos abundante e detallada información sobre a “Vaca Ideal” e a “Calificación” así como sobre as pautas a seguir para realizar correctamente os apareamentos.

En definitiva, e a pesar da choiva, ésta foi unha gran Escola na que participaron 153 alumnos (maioritariamente xóvenes) que deixaron patente o seu interese por incrementar e poñer ó día os seus coñecementos sobre a morfoloxía da Vaca Frisona.

O noso sincero agradecemento á Consellería, á Comisión de Moexmu e ó Concello de Muimenta, ás ganderías colaboradoras, á Xunta Directiva e técnicos de Africor-Lugo e, de maneira especial, a Jaume, Gabriel e a tódolos participantes.

ESCOLA DE XUÍCES FEFRIGA '05



Ganderías: ISIDORO, CANDO E SANTOS, REI DE MIÑOPELO, A PARADA, SANDAMIL, PAZ IGLESIA, VEGA, REIXA, FREIRE, CASA BEN, GRACOZA, POZO, GAIGO e MASEDA.



GANDERÍA MANTOÑO HOLSTEIN de San Xusto - Barreiros - Lugo



GANDERÍA NODI e GANDERÍA VEIGUEIRO de Vilamartín Grande - Barreiros - Lugo



GANDERÍA CID de Vilamartín Pequeno - Barreiros - Lugo



Ganderías: XERCAS-PORTALOUZA, XERCAS-SAT CAVADAS, XERCAS-CASA PERNAS, XERCAS-CASA GIL de Xermade - Lugo.



# Novo Regulamento do Libro Xenealóxico da Raza Frisona

O Regulamento do Libro Xenealóxico da Raza Frisona Bovina Española, aprobado polo MAPA o pasado día 7 de abril (orde APA/961/2005) modifica a normativa do 6 de setembro de 1997 e adapta os sistemas de selección máis recentes. Este regulamento tamén actualiza os criterios de inscrición dos animais nos distintos rexistros.

Os aspectos e medidas complementarias adoptadas pola Xunta Directiva de Conafe que máis inciden no nivel de explotación son as seguintes

## Silueta

O novo regulamento admite que nun prazo máis ou menos curto poida ser opcional.

## Denominacións Específicas

- Os gandeiros que desexen destacar a procedencia dos animais nados na súa explotación, poderán utilizar unha Denominación Específica ou Prefixo Gandeiro.
- Para que o Prefixo Gandeiro poida ser utilizado por unha explotación en exclusiva, é necesario que este fose aprobado previamente por Conafe e inscrito no correspondente rexistro.
- Non poden utilizarse como prefixo nomes de criadores famosos nin de estirpes que non foran xeradas na propia explotación.

## Rexistro de animais

### Declaración de Nacementos.

- A Declaración de Nacementos deberá ter entrada na oficina de rexistro dentro dos tres meses posteriores ó nacemento do animal.
- Ós animais que superen esta idade –e sempre que no momento da súa inscrición sexan menores de doce meses– poderánselles esixir probas de paternidade –con cargo para o propietario– ou outras medidas encamiñadas a fomentar a pureza racial e a dilixencia no rexistro.
- A proba de paternidade e/ou maternidade será obrigatoria para inscribir no rexistro principal ou Auxiliar B animais con xenealoxía coñecida que superen os doce meses de idade.

## Identificación dos animais

- Os animais procedentes doutros libros xenealóxicos recoñecidos conservarán o prefixo e o nome de orixe.
- Unicamente se admitirán modificacións no nome por ampliación, en especial no caso de touros cuxo nome comercial –curto– poida estar repetido.

## Aplicación da nova regulamentación

- Para adaptarse á nova Regulamentación do Libro Xenealóxico, acordouse fixar como data límite 1 de Setembro de 2005 para adecuar os programas de altas e trasposos de animais, e incorporar o novo formato nos ficheiros de intercambio de información do L.X., para incluír nos mesmos a data de entrada da documentación na oficina de rexistro, o que permitirá coñecer con exactitude o período que vai entre a data de nacemento dun animal e a súa Inscrición no Libro.
- Tamén se acorda que entren en vigor a partir do 1 de Setembro de 2005 as medidas tomadas pola Xunta Directiva en Febreiro de 2004, e que se transcriben a continuación:
  - a) Intentar reducir os efectivos de animais de Rexistro Auxiliar Categoría A a menos do 5% antes do 31 de Decembro de 2007.
  - b) Non esixir limitación ningunha de animais de RAA ás ganderías de nova inscrición no seu momento de alta no Libro Xenealóxico.
  - c) Aplicar a cada animal que se inscriba no Rexistro Auxiliar Categoría A unha tarifa de 6 €/animal, tanto para ganderías de nova inscrición como para as xa inscritas.
  - d) Aplicar unha tarifa de 6 €/animal a todo animal coa xenealoxía coñecida que se rexistre fóra do prazo legal do rexistro de nacementos –desde 3 meses e 29 ou 30 días de idade ata un ano–.
  - e) Para inscribir no Rexistro Auxiliar “B” ou Principal animais con Xenealoxía coñecida e que a súa idade supere os 12 meses no momento da inscrición, será necesario adxuntar á Declaración de Nacementos, as correspondentes Probas de Paternidade e/ou Maternidade.
  - f) Cando entre a data de nacemento e a data de rexistro pasen máis de doce meses, o animal será rexistrado no Rexistro Auxiliar Categoría A, salvo que cumpran as condicións e esixencias do punto anterior.
  - g) Fixar a tarifa da inscrición de importadas en 6 €/anim.
  - h) Non se permite o cambio de prefixos dos animais. Con respecto ó nome só se permitirán modificacións por ampliación dos que trouxera, en especial no caso dos touros importados en relación ó seu nome comercial ou nome curto.

## Solicitudes

- Modifícanse os impresos de solicitude de alta e de baixa de socios, de acordo co que establece a lei de protección de datos.
- Todas as solicitudes de altas e baixas de ganderías e de animais realizaranse nos impresos aprobados para tal fin.
- As solicitudes deberán remitirse á asociación/federación debidamente cubertas e incluír OBRIGATORIAMENTE a sinatura do solicitante.



## Proxecto de investigación sobre reprodución bovina

O pasado mes de Agosto a Consellería de Innovación e Industria, comunicaba a Fefriga a concesión dunha axuda para a realización dun proxecto de investigación dentro do Plan Galego de I+D+I, a través do Programa de Recursos Agropecuarios, sobre reprodución bovina.

Dirixido por D. Daniel Martínez (Director-Técnico da UTE Bos), coa colaboración do Dpto. de Obstetricia da Facultade de Veterinaria de Lugo e de XESGAVET, dito proxecto pretende estudar e valorar os posibles efectos que, a utilización do Betacaroteno inxectable, ten na fertilidade das vacas. O estudo baséase fundamentalmente na tecnoloxía de Transferencia Embrionaria, analizando os efectos do Betacaroteno tanto sobre as doadoras como nas receptoras de embrións.

Aínda que os primeiros datos se revelan esperanzadores, haberá que esperar ó remate do Proxecto para poder saca-las conclusións definitivas.



## Entrevista co Sr. Conselleiro

O pasado día 8 de Setembro o Sr. Conselleiro do Medio Rural, Excmo. Sr. D. Alfredo Suárez Canal, recibíu á Xunta Directiva de Fefriga. Nesta primeira toma de contacto, o Sr. Conselleiro interesouse en coñecer-la opinión dos representantes desta Federación, referente a diversos asuntos e aspectos que afectan ó sector en xeral, así como sobre temas de selección e mellora gandeira en particular, informándolles a continuación dos proxectos e liñas de actuación que se marcou para os vindeiros catro anos.

Aínda que non se tratou en profundidade ningún tema en concreto, sí quedou patente a vontade de diálogo e predisposición ó traballo serio e responsable do novo titular da Consellería.

## Lotes de embrións

A fin de promocionar e dar a coñecer-lo Programa de Trasferencia Embrionaria, e á vez poñer a disposición dos nosos gandeiros a xenética que se produce en Bos, a Xunta Directiva de Fefriga acordou poñer á venda durante o próximo mes de Xaneiro diferentes lotes de 6 embrións (a un precio moi especial). Se estás interesado, podes consultar a nosa páxina web [www.fefriga.com](http://www.fefriga.com) ou poñerte en contacto con nós na:

**Federación Frisona Galega – FEFRIGA**

Rúa Melide, 25-27 Baixo

15705 Santiago de Compostela (A Coruña)

Tfno.: 981 573 775 • Fax: 981 573 879

[fefriga@fefriga.com](mailto:fefriga@fefriga.com)

**¡RECORDA, SÓ DURANTE  
XANEIRO DE 2006!**



## OS Sres. Oca e Chivite en Bos

Despois de diversos contactos e reunións o pasado día 23, o Sr. Director Xeral D. Antonio Oca acompañado do Sr. Subdirector Xeral D. Francisco Chivite, visitaron a Unidade de Transferencia Embrionaria de Bos, co obxecto de coñecer e valorar "in situ" os traballos que se realizan e necesidades reais do Programa que Consellería e Fefruga desenrolan na finca de Bos.

Ó remata-la visita e tras comentar cos Directivos e Técnicos, tanto os resultados do programa como as necesidades e carencias do mesmo, ó Sr. Director Xeral,- como técnico e bon coñecedor do sector,- manifestou a súa satisfacción polos resultados obtidos ata a data, comprometéndose á vez a apoialo e incluso potencialo no marco de estreita colaboración que quere establece-la Consellería co sector.

A directiva e persoal da  
Federación Frisona Galega  
deséxalles un  
**BO NADAL e ANINOVO**



## Axenda 2006

- |                                   |  |
|-----------------------------------|--|
| <b>4 de Marzo</b>                 | SUBHASTA DE XOVENCAS EN CASTRO RIBEIRAS DE LEA   |
| <b>8 e 9 de Abril</b>             | XX CONCURSO DE GANDO FRISÓN MOEXMU '06   |
| <b>23 de Abril</b>                | SUBHASTA DE XOVENCAS E VACAS EN MONTERROSO   |
| <b>Do 26 ao 29 de Abril</b>       | XIX CONCURSO NACIONAL DE PRIMAVERA CONAFE '06  |
| <b>27 de Maio</b>                 | SUBHASTA DE XOVENCAS E VACAS EN MONTERROSO   |
| <b>Do 14 ao 18 de Xuño</b>        | 29ª EDICIÓN FERIA INTERNACIONAL SEMANA VERDE DE GALICIA<br>XXVIII CONCURSO INTERNACIONAL DE FRISÓN SEMANA VERDE '06<br>XV CONCURSO AUTONÓMICO DA RAZA FRISONA FEFRIGA '06<br>XXII CONCURSO DE XÓVENES MANEXADORES SEMANA VERDE '06<br>VI CONCURSO DE PINTURA FEFRIGA '06<br>X SUBHASTA TOP-BOS |
| <b>Do 26 ao 28 de Xullo</b>       | XX ESCOLA DE XUÍCES GANDEIROS FEFRIGA '06  |
| <b>Do 28 Set. ao 1 de Outubro</b> | XXVIII CONCURSO NACIONAL DE OTOÑO CONAFE '06   |
| <b>28 e 29 de Outubro</b>         | XV CONCURSO-SUBHASTA DE GANDO FRISÓN CHANTADA '06  |
| <b>4 de Novembro</b>              | SUBHASTA DE XOVENCAS EN CASTRO RIBEIRAS DE LEA   |



**As vacas de BOS comen piensos...**

**NUDESA**



NUTRIMENTOS DEZA, S.A.

Tfno.: 986 58 12 00